Nova Escola Galega
OPINA
outubro de 2026

DIANTE DA PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DO PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (xullo 2026)

O ESTADO DA CUESTIÓN

Os datos sociolóxicos que periodicamente chegamos a coñecer a través dos estudos do Instituto Galego de Estatística, da Real Academia Galega e de distintas empresas demoscópicas veñen poñendo de relevo os intensos cambios e modificacións sociolóxicas, demográficas, económicas e culturais da sociedade galega no que vai de século XXI. Cambios que igualmente veñen afectando ao ámbito da presenza social da lingua galega, lingua propia de Galicia.

Os procesos socio-políticos e culturais e os programas políticos de intervención enfocados cara á recuperación social do galego e á súa normalización social (entendida mediante a conxunción entre a Constitución política española, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei de Normalización Lingüística de 1983, entre outras referencias normativas e legais) mostran resultados absolutamente insatisfactorios e irregulares, desde o punto de vista dos dereitos democráticos e da calidade de vida cidadá. En particular, vese moi afectada no presente a transmisión interxeracional desta lingua (que viña sendo sinal central de identidade e de integración e cohesión social), como un dos efectos socio-históricos de terse visto concernida a sociedade galega por procesos de colonización e de perda de memoria cultural colectiva, intensificados no tempo político do franquismo, a causa igualmente da tradicional carencia de instrumentos de poder político e institucional democrático, desde os que ordenar e regular a nosa vida social.

Esta constancia, xunto coa intensidade de reclamacións expresada de seguido por unha parte da sociedade galega, foron dar a que o Parlamento de Galicia aprobase en 2004 un documento institucional chamado Plan de Normalización da Lingua Galega, que contou co consenso das tres forzas políticas presentes nel. Plan entendido como un instrumento para unha necesaria planificación de medidas (ordenadas e articuladas) de intervención política ao servizo do obxectivo da normalización social do galego.

A Xunta de Galicia no período de 2005-2009 gobernada polo PSOE e polo BNG procurou levar adiante diversas medidas coherentes co antedito Plan, abrindo unha porta de esperanza que foi duramente bloqueada desde a gobernación da Xunta de Galicia, asumida polo PP de Galicia desde finais de 2009. Esta deslexitimou e desca-

Nova Escola Galega · Rúa Luís Freire, 5, baixo · 15706 - Santiago de Compostela (A Coruña)
Tfno./Fax 981.56.25.77 · www.neg.gal · neg@neg.gal
Asociación declarada de Utilidade Pública (Orde INT/2335/2008, BOE 5/8/08)

pitalizou a capacidade orientadora deste Plan (que, recordemos, carecía de forza normativa), afirmou o principio de liberdade lingüística individual, agachou o carácter de lingua propia e patrimonio cultural democrático colectivo do galego e centrou a orientación da política lingüística a seguir no Decreto 79/2010 (chamado) para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O que veu logo ata o presente de 2026 foi unha pobre e desarticulada aplicación dalgunhas das medidas do Plan de 2004, a aplicación do Decreto 79/2010, cunha acientífica e inconsistente visión do plurilingüismo trasladada socialmente e tamén aplicada desde espazos municipais de poder socialdemócrata, acompañándose do incumprimento das previsións e criterios indicados na Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM, 1992), segundo se veu salientando desde instancias sociais e institucionais, como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Mesa pola Normalización Lingüística xunto con outros colectivos e entidades.

Estas repetidas mostras de insatisfacción levaron a Xunta de Galicia a promover a elaboración dunha revisión xeral do Plan de Normalización de 2004, segundo se expresou en 2025. Con este propósito, o 15 de xullo de 2026 foi presentada unha Proposta de actualización do Plan de Normalización, tendo atrás un proceso de consultas e reunións de grupos de traballo con atención aos seguintes sectores constituídos: Administración, Economía, Educación, Transmisión patrimonial (familia, lecer e mocidade), Sanidade, Sociedade, Comunicación, Infraestruturas e industrias culturais, Galego exterior, Lusofonía e proxección exterior, Tecnoloxías, Recursos lingüísticos e Dereitos lingüísticos. Unha comisión técnica xeral homoxeneizou as distintas abordaxes sectoriais. As varias Comisións sectoriais elaboraron diagnósticos sobre o estado e vitalidade da lingua galega en cada sector, expoñendo fortalezas e debilidades en cada caso, desde onde trazar un conxunto de obxectivos xerais para o sector analizado, esmigallados logo a través da indicación de obxectivos específicos e de medidas propostas en cada caso.

A Proposta (un documento de varios centos de medidas, sinaladas con algunha priorización) na fase de debate parlamentario co horizonte da súa aprobación, prevé un período de aplicación de seis anos, a elaboración dunha temporalización anual "acompañada do orzamento que garanta a viabilidade de aplicación das medidas", o control parlamentario (moi xenericamente sinalado) e a creación dun Consello Asesor de Lingua, desde o que facer seguimento da evolución do uso social da lingua, ao crear no seu seo un Observatorio do Galego na Familia e un Observatorio de Galego na Mocidade. O recente Pacto entre PP-PSOE, feito público o 24 de setembro, no que se propoñen medidas para distintos sectores e se fai unha estimación de financiamento global pecha arestora o percorrido do Plan, que rematará sen consenso do conxunto de forzas políticas e propiciará unha

(9)

controvertida e insuficiente mudanza do Decreto do Plurilingüismo, pola vía express da lei de acompañamento dos orzamentos.

Ao tempo no que desenvolveron o proceso de actualización do Plan de Normalización, tanto o Consello da Cultura Galega como a ampla plataforma social Queremos Galego, auspiciada desde a Mesa pola Normalización Lingüística, tamén promoveron a elaboración de documentos na procura de avanzar na normalización social da lingua galega. Estas iniciativas contribuíron á reactivación do debate social sobre a lingua, tamén abordado por diferentes colectivos na procura de respostas para abordar o devalo lingüístico. No seu conxunto estas dinámicas teñen un valor que cómpre recoñecer.

Deste modo, o Consello da Cultura Galega puxo en marcha en 2025 un Foro participativo a fin de examinar os desafíos, coñecer experiencias exitosas e propoñer conclusivamente un conxunto de medidas operativas a favor da normalización, atendendo ao seu impacto estimado, viabilidade e custo de oportunidade, estudando ao caso os requisitos e condicións habilitadoras. Titulou o documento, presente na rede, Un país coa súa lingua. Foro participativo (2025). No campo do ensino as medidas propostas de máis alcance son as seguintes:

- Crear en cada centro educativo un modelo lingüístico para asegurar avances.
- Asegurar un equilibrio real entre as linguas galega e castelá, para lograr un uso real equivalente en canto a competencias e posibilidades.
- Redefinir o enfoque do plurilingüismo que actualmente está en vigor.
- Reforzar a autonomía dos centros e o uso do galego neles.
- Ampliar e diversificar a oferta educativa en galego para poder ensinar en galego a maior parte das materias.
- Coidar a acollida lingüística específica nos casos de migración.
- Poder ofrecer liñas educativas en galego como opción estable para as familias de forma estrutural.
- Facer visible no día a día dos centros a centralidade do galego como lingua de coñecemento, de relación social e de futuro.

Pola súa parte, a plataforma Queremos galego levou igualmente adiante un foro de debates que permitiron concluír no documento Protocolo. Lingua vital, xa. Mudemos o rumbo, rematado e presentado ás portas da primavera de 2026. O texto parte da situación de emerxencia social da lingua, toma asento no Plan de 2004, como "grande acordo nacional a ser reactivado", e propón medidas complementarias ás do Plan de 2004 en diversos sectores e ámbitos sociais. No ámbito do ensino salienta, entre outras:

- A necesidade de "asegurar os máximos niveis de docencia en galego".
- A necesaria derrogación do D. 79/2010, como obstáculo que limita a execución das medidas conducentes a facer do galego a lingua vehicular no ensino.
- O establecemento dun calendario de aplicación das medidas para garantir que, ao final da etapa obrigatoria, o alumnado alcance a plena competencia oral e escrita en lingua galega.
- A necesidade de establecer un sistema de avaliación periódica transversal das competencias en lingua galega do alumnado, así como do grao de aplicación do novo Decreto para o ensino e sobre o uso do galego.
- Crear contornas de inmersión lingüística e deseñar e implementar un programa de apoio á adquisición temperá do galego na educación infantil.
- Avanzar na apertura cara ao mundo lusófono, cumprir a Lei Paz Andrade e promover a aprendizaxe da lingua portuguesa.

Os tres documentos conteñen unha par-

te de propostas coincidentes, así como tamén elementos singulares e en boa medida opostos. O Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega estivo atento ao desenvolvemento destes procesos no caso da proposta do CCG asistindo a algunhas sesións públicas, fixo algunhas achegas relativas a actualización do Plan Xeral da Lingua cando foi consultada; e participou como entidade na elaboración da proposta Protocolo Lingua Vital. Dado o alcance e os efectos previsibles da Proposta de Actuación patrocinada pola Xunta de Galicia centraremos a atención neste.

Logo da presentación da Proposta da Xunta, tamén o Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego estableceu un máis reducido documento no que chamou a atención sobre as conexións emocionais entre a lingua e a cultura tradicional, como algo non contemplado na(s) proposta(s), que é preciso considerar. Neste senso salienta o Observatorio o poder educador e de inclusión social a prol da normalización do galego dos xogos e das músicas tradicionais.

ROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE NORMALIZACIÓN

A proposta de actualización, que asenta no Plan de 2004, querería facerse operativa como unha estratexia social transversal, asentada nun compromiso colectivo coa pretensión de lograr un avance xeral e substancial no uso social da lingua galega e que todas as persoas que queiran utilizala teñan as ferramentas imprescindibles para poder facelo, a través de medidas interrelacionadas a emprender no marco dunha sociedade dinámica e multicultural, corrixindo, os procesos de substitución e de desprazamento do castelán/galego polo galego/castelán, sendo entón preciso incrementar a utilidade percibida, dado que "temos a responsabilidade de transmitir a lingua galega ás novas xeracións de galegos e galegas", como "lingua propia" e "lingua de identificación" nun contexto de aceleración da globalización mundial.

Partindo disto, a Proposta realiza un diagnóstico dos problemas presentes, aínda que facéndoo desde unha perspectiva funcionalista e non socio-crítica (con silencio -que xa estaba presente no documento do Plan de 2004- con respecto ao que supuxo o franquismo e o comportamento das distintas clases e sectores sociais, con silencio en relación á existencia dunha violencia lingüística histórica que pesa sobre o presente dos e das cidadáns como unha pesadísima lousa, sen preocuparse deste xeito sobre o que estes condicionantes representan a efectos de crear e consolidar unha memoria común e compartida sobre o que non debería volver acontecer); tampouco se fala sobre limitacións e incorreccións da política lingüística aplicada desde a Xunta de Galicia, non se enuncia a existencia de conflito social máis ou menos larvado e de conflitos socio-cognitivos (a escala individual) e tampouco se detén no significado do que debe ser un "plurilingüismo inclusivo", que con todo enuncia, e que segundo o documento debe significar a aprendizaxe doutras linguas, por regra xeral, a partir da lingua usual e propia da comunidade, en situación de desvantaxe.

A Proposta, que afirma dirixirse como tendencia a establecer o galego como código comunicativo de referencia no ensino, é consciente da necesidade de promover a capacitación lingüística galega dos recursos humanos ao servizo da educación e da formación da cidadanía, da necesidade de xerar orzamentos adecuados, de avaliar o cumprimento e avances nas medidas que se propoñen mediante mecanismos sistemáticos de avaliación, de xerar recursos analóxicos e dixitais para a formación, e de promover actuacións asentadas administrativa e legalmente, tanto en Galicia, como con respecto ao exterior.

Neste sentido traza como obxectivo 3 no ensino "establecer as bases dun marco lexislativo educativo que regule o uso das linguas no marco escolar con coherencia" harmonizando "no posible" as indicacións da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM), a efectos de "garantir a adquisición de competencias, así como "un contacto temperán equilibrado e positivo entre o galego e o castelán na educación infantil" facilitando contextos de uso compartido. Nesta dirección fixarase na norma "un espazo curricular obrigatorio tendo en conta o contexto socio-lingüístico, que permita a impartición das distintas materias en lingua galega", ampliaranse as marxes de autonomía dos centros, crearase unha comisión de expertos en Planificación Lingüística Escolar, reforzaranse os Equipos de Normalización Lingüística, implicarase ás familias e aproveitaranse as situación de neofalantismo como motor de cambio, así como os momentos e actividades chamadas extraescolares.

É intención da Proposta aumentar e reforzar os espazos de socialización para o galego como lingua vehicular -fóra das marxes do equilibrio

lingüístico requirido no deseño e desenvolvemento das materias curriculares- en actividades de educación externas á aula e na educación "non formal" e promover a súa presenza e uso nos campos da formación profesional, nas ensinanzas de réxime especial, nas escolas de adultos e nas escolas de idiomas. Neste sentido redactarase un protocolo para que os centros informen as familias sobre o traballo escolar realizado na educación lingüística coa preocupación por reforzar a transmisión da lingua galega, coa procura de que o galego funcione como soporte primario eficaz dun plurilingüismo inclusivo, fomentando, ao tempo, a convivencia lingüística e a superación de prexuízos e estereotipos "que penalizan o galego". Nesta dirección, a Proposta sinala que hai que promover que a lingua inicial da Administración sexa a galega, así como tamén a realización de proxectos de investigación-acción en materia de planificación lingüística escolar e de educación lingüística.

DÚBIDAS E INTERROGANTES

A presentación pública da Proposta, e as novidades que se incorporan ao documento pola vía do acordo entre PP e PSOE, coa pretensión que sexa asumida como pacto social e transversal, suscita reservas xustificadas e moita controversia, dado que as accións de goberno da Xunta de Galicia levadas adiante nos anos pasados e en vigor actualmente non reúnen os requisitos de credibilidade e de adecuación fronte ao que se vén definindo, non sen razón, como situación e dinámicas actuais de emerxencia lingüística e de deterioración, que a propia Proposta recoñece, mais sen facer unha valoración crítica e negativa dalgunhas das medidas tomadas desde o 2010 ata a actualidade.

Entre algunhas outras eivas referidas, na comparanza co Plan de Normalización aprobado no 2004, alúdese ás seguintes cuestións ao falarmos do sector do ensino, que é unha parte só, aínda que moi significada da Proposta:



a) Non se patentiza a garantía (carácter prescritivo) da dobre competencia oral e escrita en galego e castelán ("que o ensino obrigatorio garanta") no remate da escolarización obrigatoria, ao ser substituída esta formulación pola de "procurarase, fomentarase e similares".

b) Péchase a posibilidade de inmersión na educación infantil (establecer unha oferta educativa en galego), que prevé a CELRM e como se preconiza, en troques, nos documentos do Consello da Cultura Galega e no da Plataforma social Queremos galego. Unha mínima análise do tratamento desta etapa desde o PXNLG (2004), os decretos 124/2007 para a promoción do galego no ensino, e 79/2010 para o Plurilingüismo, e esta nova proposta de PXL (2026), evidencia a súa evolución regresiva, mesmo recoñecendo a súa importancia e a proxección que ten tamén en decisións familiares e sociais no tocante ao uso das linguas.

c) Semellan excesivamente xenéricas as referencias ás precisas actividades e instrumentos de avaliación de procesos e resultados que toda planificación require, tanto desde os centros escolares, como desde o exterior deles.

d) Parece haber unha conexión insuficiente entre obxectivos, obxectivos específicos e medidas nunha parte dos supostos.

e) Por outra parte, pode observarse imprecisión en relación ás metas pretendidas nalgunhas actuación propostas, e un total silencio en canto aos indicadores que permitan valorar o impacto e capacidade transformadora das medidas que se leven adiante.

f) Parece que a modificación efectiva do D.79/2010 –acordada mediante o pacto entre PP e PSOE– vai ser puntual e a través dunha vía como a lei de acompañamento dos orzamentos, obviando o debate e frustrando a expectativa de cambio de norma longamente reclamada desde institucións, entidades e boa parte da comunidade educativa.

g) Ao consagrarse o equilibrio lingüístico como principio e esixencia para a distribución de materias, refútanse na súa operatividade as virtualidades do plurilingüismo inclusivo. Na modificación da Proposta inicial vía pacto PP-PSOE recóllese que 'atendendo a recomendacións da Carta Europea de Linguas Minoritarias, favorecerase na educación obrigatoria a impartición de materias do ámbito científico ou tecnolóxico en lingua galega, tendo en conta a súa condición de lingua minorada, asegurando que nos centros educativos bilingües de Galicia o 50 % do horario lectivo das materias non lingüísticas será impartido en galego'. Os efectos perversos son evidentes: libéranse as materias científico-tecnolóxicas da condena da súa prohibición, para que agora sexan os propios centros os encargados de poñerlle as cancelas ás materias do bloque "social", coidando do equilibrio. E se se trata de centros plurilingües hase de saber a resultante da combinatoria cara ao horizonte dos tres terzos. Un exemplo evidente da falta de congruencia entre o marco plurilingüe que orienta o Plan e a súa concreción nas aulas, que revela un baleiro na reflexión e na oferta de propostas rigorosas desde a educación lingüística.

REFLEXIÓNS FINAIS

Desde o Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega abordamos a análise da Proposta deste PXL (2026) valorando o marco científico –desde a sociolingüística e a pedagoxía- desde o que se considera a abordaxe da recuperación de falantes no caso do galego como lingua minorada, a diagnose ofrecida, os obxectivos que orientan o Plan, así como as vías de impulso ao idioma neste contexto de emerxencia lingüística. Buscamos identificar prioridades nas medidas a tomar, mecanismos de seguimento e avaliación, indicadores que permitisen recoñecer avances e, no seu caso, detectar retrocesos. Coñecermos prazos e identificar responsabilidades no desenvolvemento das propostas. En definitiva, coñecer, para poder valorar os elementos que debe conter un Plan, desde a nosa experiencia profesional e do percorrido como asociación que elaborou dous modelos de normalización lingüística (1988 e 1999) para o ensino e está inmersa nun traballo para a súa actualización.

No que atinxe ao ámbito da educación algunhas declaracións contidas no texto, poñendo en valor a importancia do sistema educativo, fixéronnos albergar algunha expectativa favorable que permitise superar o estigma do papel desgaleguizador que se lle vén atribuíndo á institución educativa. De feito, na páxina 131, o texto parece aliñarse con esta pretensión:

Máis alá da adquisición de competencias, o sistema educativo desempeña un papel decisivo na configuración de actitudes, percepcións e valores asociados á lingua, factores determinantes para a súa vitalidade e continuidade. Neste sentido, a escola pode funcionar como un espazo de reequilibrio sociolingüístico, especialmente en contornos urbanos ou con predominio do castelán, onde o contacto co galego é máis limitado. Porén, este potencial só se materializa a través dunha planificación lingüística coherente, sostida e dotada de recursos, que promova o galego non só como obxecto de aprendizaxe, senón como lingua vehicular e de prestixio nos diferentes contextos educativos, tanto dentro como fóra da aula.

Entrando na armazón de obxectivos xerais e específicos e nas medidas propostas, fomos vendo as incongruencias que vimos de sinalar. Sen dúbida hai moitas medidas de interese e suxestións motivadoras, mais, no seu conxunto, merécenos unha valoración global negativa. Non ten vocación, nin audacia suficiente para reverter a situación de decaemento lingüístico.

O PXL de 2026 ofrece unha diagnose máis completa e ecosistémica que a do PXNLG anterior, porén é incapaz de propoñer medidas correctoras eficaces, evidenciando un retroceso

en relación ao horizonte político establecido no 2004, pois naquela altura falábase con claridade dunha desexable "galeguización da escola –lingüística e curricular–". Na proposta actual non hai recomendacións nin referencias que vinculen a lingua galega co substrato cultural do que forma parte, e que debe ter acollida no curriculum das diferentes materias. Habendo unha evidencia científica que alerta sobre o grave problema de substitución lingüística, xa non se pode negar a súa existencia, máis si evitar a adopción de medidas de política lingüística de calado para reverter a situación.

Acusamos tamén a frustración porque o foco principal de discusión sexan os marcos nos que se quere manter o galego -porcentaxes e reparto de materias, co grave risco da *cultura do bonsai*- como se a tensión arredor do idioma no ensino pivotase sobre a "dose" de galego que a escola pode soportar, sen que rebenten as costuras do sistema.

Resulta imprescindible mudar o foco e poñelo sobre a infancia. Detrás dos números, das materias e das porcentaxes de uso estamos a falar de dereitos lingüísticos. No ámbito educativo, organismos internacionais como a UNESCO veñen sinalando desde hai xa tempo

a importancia de garantir que os nenos e nenas poidan aprender e desenvolverse nas linguas que comprenden, especialmente durante os primeiros anos. Por iso desde a perspectiva educativa a lingua non é só unha materia ou unha porcentaxe dentro do horario. É principalmente unha ferramenta de socialización, de construción de identidade, de pertenza e de relación co mundo. Isto obriga a formular o debate doutra maneira, xa que non se trata tanto de decidir canto galego corresponde dentro do sistema educativo senón de preguntarnos que condicións precisamos garantir para que as nosas crianzas poidan medrar na súa lingua, creando un vínculo socio-emocional co patrimonio sociocultural no que se insire.

E se falamos de dereitos da infancia e dun patrimonio sociocultural que queremos conservar para vivir nel con orgullo, o acceso á lingua propia non pode depender exclusivamente das posibilidades lingüísticas da familia, do territorio no que se viva ou do centro educativo ao que se acuda. É urxente repensar que responsabilidade ten o sistema educativo e a sociedade no seu conxunto na garantía dese dereito.

As eleccións lingüísticas non se producen nun baleiro: están condicionadas polas prácticas sociais, polas representacións sobre as linguas, as expectativas de futuro, polos modelos de éxito, os grupos de pertenza e polo propio funcionamento das institucións educativas. Así que debemos preguntarnos que máis pode facer a escola, que lle correspondería a Administración, que espazos de uso seguros existen, que prestixio social ten a lingua, cales son os referentes que ofrecemos á infancia e á mocidade, cales as oportunidades reais de vivir nela.

A falta dunha memoria colectiva sobre a lingua coa que nos poidamos identificar maioritariamente é unha eiva que non debemos alongar no tempo, axudándolles ás novas

xeracións a construíren unhas vivencias que combatan vellos e novos prexuízos sobre a lingua, e queiran ter un papel protagonista na súa recuperación; por iso é tan importante que as crianzas galegofalantes non agochen a lingua na escola, e que as que teñan como lingua inicial o castelán atopen motivacións e espazos seguros e poidan sumarse ao neofalantismo, torcendo a profecía do darwinismo lingüístico. Necesitamos comprender todo o que acontece arredor da lingua para que poida, se así o consideramos colectivamente, ser unha lingua de pertenza, de relación e de identidade.

Un Plan que teña no centro a protección e desenvolvemento dos dereitos lingüísticos debe valer para orientar con valentía un camiño da reversión lingüística, no que a escola sexa un dos principais espazos de garantía de dereitos e conte con múltiples aliados sociais. Hai exemplos dos que podemos tomar nota. Non renunciamos a traballar por un futuro con estes horizontes.

FALADOIRO **15 outubro | 17.30 h.**

LINGUA, SOCIEDADE E ESCOLA

propostas para mudar o rumbo

Análise dos diferentes modelos xurdidos para paliar a situación de emerxencia á que se enfronta a nosa lingua. Propostas de futuro.

Participan:
- **Celia Armas**, profesora, representante da plafatorma Queremos Galego, coordinadora do ámbito do ensino no *Protocolo Lingua Vital*
- **Nel Vidal**, profesor, representante do Consello da Cultura Galega, coordinador do ámbito educativo do informe *Un país coa súa lingua*
- **Valentina Formoso**, profesora, integrante do grupo de traballo de NL de Nova Escola Galega

Modera **Santiago Quiroga**, orientador, coordinador nacional das Escolas Semente

LOCALIZACIÓN
Sede de **Nova Escola Galega**.
Rúa Luís Freire, 5, baixo.
Santiago de Compostela

Máis información:
www.neg.gal
neg@neg.gal

Financia: CONCELLO DE SANTIAGO
Organiza: NOVA ESCOLA GALEGA
Colabora: REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

Nova Escola Galega · Rúa Luís Freire, 5, baixo · 15706 - Santiago de Compostela (A Coruña)
Tfno./Fax 981.56.25.77 · www.neg.gal · neg@neg.gal
Asociación declarada de Utilidade Pública (Orde INT/2335/2008, BOE 5/8/08)